

## Cineuropa 2021: panorama audiovisual galego

ANDRÉS CASTRO

**O** Cineuropa Compostela transmuta en festival competitivo por vez primeira. Haberá un palmarés honorífico, un confeccionado polo xurado Novo e un Oficial outorgado polo xurado internacional integrado por Gabriela Guillermo, directora; Imma Merino, xornalista e crítica de cinema; e o cineasta compostelán Alfonso Zarauza.

Dentro do amplo abano de propostas, seccións, ciclos e sorpresas cinéfilas atopamos lugar destacado para o audiovisual galego. Curtas, estreas, o máis actual



e unha retrospectiva sobre Alberte Pagán, Premio Cineuropa xunto Navad Lapid e Verónica Forqué. A continuación vai unha breve guía para marcar en vermello no calendario.

A primeira gran cita foi onte coa última achega de Simone Saibene: *Escribir o imposible*. Documental centrado no periodista e escritor Juan Tallón arredor

do proceso de creación de *Rewind*, novela presentada dúas semanas antes do confinamento, e de como a fronteira entre a nova normalidade e a ficción acaba sendo difusa.

Mañá, domingo 14, é tempo para unha clase maxistral de Alberte Pagán con retrospectiva da súa obra. O precursor do Novo Cinema Galego departirá sobre "que é o cinema" mentres se proxectan sete das súas curtas. Será o día 18 cando o Teatro Principal lle renda honores na entrega do Premio Cineuropa e proxección de *Bs.As.*, documental centrado en Buenos Aires desde a perspectiva da emigración e a conexión coa Galiza.

Na segunda feira día 15 vai *Acorda*, documental dirixido pola cantante Uxía xunto a xestora cultural e produtora Marina Carracedo. Un relato de memoria e dignidade a través de música, cancións e palabras asesorado pola escritora e periodista Montse Fajardo e narrado polo poeta e dramaturgo Lois Pérez, baixo realización de Lucas Terceiro.

Na sexta feira 19 porá os dentes cairos ás fans do xénero de terror cun maratón no que destaca *A noite do terror cego*, filme de culto dirixido polo coruñés Armando de Ossorio, e a última sensación de Sitges: *Jacinto*, un *slasher* rural ideado por Javi Camino, e protagonizado por Pedro Brandariz, que vén de acadar o Premio do Público na Sección Panorama.

O día previo á cerimonia de clausura está reservada para un dos pratos fortes do Cineuropa: a proxección de *Malencolía*, a última achega de Alfonso Zarauza que será precedida pola curtametraxe *Flaneur* en Compostela. Após a cerimonia de clausura do 24, veremos *Qué fixemos mal?*, de Liliana Torres, dramedia coproducida por Isabel Coixet, Dani Froiz e María Zamora.

Tres semanas de puro cinema nunha edición, a 35 xa, dedicada ao Totalitarismo.



*Acorda*, de Uxía e Marina Carracedo.



*Escribir o imposible*, de Simone Saibene.



*Jacinto*, de Javi Camino.



Alberte Pagán recibirá un dos premios de honra do festival.